



INICIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

O procedemento referido aos prazos de presentación de documentos por parte das familias, unha vez rematada a FASE 1 de reserva de praza para o alumnado adscrito é o seguinte:

FASE 2. Solicitud de admisión.

Quen a fai?

O alumnado procedente de centros non adscritos ao IES Xesús Taboada Chivite que quere continuar os seus estudos neste instituto.

Que hai que facer?

Cubrir o **anexo ED550B** (*descarga pulsando sobre o seguinte*).

<https://abalarbox.edu.xunta.gal/index.php/s/j4GKBxBye9FLKWs>

Cando se fai a ADMISIÓN e como se procede?

- O prazo de presentación das solicitudes de ADMISIÓN abrangue do **1 ao 20 de marzo**.
- As formas de facer a solicitude son as seguintes:
 1. Descargar o anexo ED550B cubriilo (manual ou dixitalmente) e entregalo na Oficina do *IES Xesús Taboada Chivite*.
 2. Cubrir a solicitude seguindo a ruta Solicitudes>Admisión>Crear no aplicativo: <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>
Unha vez cuberto premendo no botón “Crear e Confirmar”, poderase descargar a solicitude para asinar e presentar na Oficina do *IES Xesús Taboada Chivite*
 3. Cubrir a solicitude informaticamente e asinala en Sede Electrónica (deberá ser usuario da Chave 365 ou dispor dun certificado dixital).

Na seguinte ligazón pódese descargar un manual de uso para as familias:

<https://abalarbox.edu.xunta.gal/index.php/s/cyXjRkZ6pKRRK6A>

Outra información adicional.

➤ **Publicación de listaxes:**

O **25 de abril**, publicaranse, no taboleiro de anuncios, as listaxes provisionais de alumnos/as admitidos/as e excluídos/as, que poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación (**do 26 de abril ao 3 de maio**). Unha vez resoltas as reclamacións publicaranse, o día **15 de maio**, as listaxes definitivas de alumnado admitido ordenadas po puntuación no taboleiro de anuncios situado na oficina do centro.

➤ **Vacantes:**

A oferta provisional de postos escolares dispoñibles para o curso 2024/2025, descontando ao alumnado deste centro que xa ten garantida a permanencia e ao alumnado dos centros adscritos que reservaron praza, é a seguinte:

1º ESO: 33 prazas

2º ESO: 15 prazas

3º ESO: 42 prazas

4º ESO: 28 prazas

1º BAC: 12 prazas (distribuídas por modalidades)

2º BAC: 11 prazas (distribuídas por modalidades)

➤ **Lexislación aplicable:**

- DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro de 2022 polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ligazón ao Decreto:

<https://abalarbox.edu.xunta.gal/index.php/s/qGMTXYZs8MKB74n>

- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

Ligazón á Orde:

<https://abalarbox.edu.xunta.gal/index.php/s/Wc9w86LnzTNTQse>

- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa

etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

Ligazón á Orde:

<https://abalarbox.edu.xunta.gal/index.php/s/9jDwNMEPamF5skA>